

ROTEIRO LITERARIO POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2024



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

Roteiro polo Melide literário

Antom Laia

SUBVENCIONADA POR



Deputación
DA CORUÑA

COLABORA



**CONCELLO
DE MELIDE**

ROTEIRO POLO MELIDE LITERÁRIO

Do "Terra de Melide" até hoje

Som ou podem ser várias as razons dum roteiro literário pola vila de Melide. Tomamos como data de saída o livro "Terra de Melide", pois bem é sabido que se trata do estudo mais amplo dumha bisbarra que se tenha feito na Galiza.

O livro, que data do 1931 e no que colaborárom figuras insignes do SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, será o punto de partida desta andaina.



Dito isto, não podemos esquecer, já que o livro é o referente primeiro da rota, o antecedente desse trabalho, ao erudito melidám EDUARDO ÁLVAREZ CARBALLIDO.

Eis a razom,ou unha das razons,polas que partiremos o percorrido na Praça do Convento,lugar onde se ubica fisicamente o edificio quiçais mais vivo que temos na Terra de Melide,o MUSEO TERRA DE MELIDE.




Que comecemos umha andaina de carácter literário dentro das estâncias do próprio Museo tem a sua lógica, pois aí temos guardados enormes tesouros, não só arqueológicos e etnográficos, senão também literários e escritos.

Dito isto, como lugar de partida, relembramos que este museu está ubicado num antigo hospital de peregrinos, mesmo justo onde se uniam os caminhos: o Francês e o primitivo, o de Oviedo.

Nom podemos deixar de lado o grupo "Trisquel", e a duas pessoas fundamentais na vida e perserverância da história,tanto na fundaçom como


nos estudos da nossa bisbarra:Xosé Mingos Fuciños e Xosé Manuel Broz.



A Xosé Domingo,à parte do seu arreo trabalhar no mundo musical,deve o povo de Melide moitas outras tarefas e estudos,mesmo o resgate da figura sobranceira do historiador Álvarez Carballido.

A Xosé M.Broz,además da sua obra pictórica,enorme e quiçais merecedora dum espaço para ela,devemos-lhe estudos sobre o próprio transcorrer dos tempos.Salienta a publicação anual do "Boletín de Estudos Melidenses", que todos os anos edita o próprio Museo e que em boa parte é obra de Broz.

BOLETÍN
do
Centro de Estudios Melidenses
Museo da Terra de Melide



Nº 13. Decembro, 2000


Pero mais ainda, no próprio Museo, temos parte da obra escultórica dum mestre rural e escultor, Dom Nilo Cea, que ademais de mestre foi poeta, pouco sabido del neste aspecto, mas com umha obra significativa para daquelas.

A PONTE VELLA DE FURELOS

Coberta de musgo e de hedra,
e polo vran de azaar
hai unha ponte de pedra
no río deste lugar



Abandonadas as estâncias do Museo, parada inicial da rota, necesaria e rica, na mesma Praça do Convento, em si cheia de história, achamos a casa nativa do mais importante escritor vivo, Xosé Vázquez Pintor, que lle deu nome a estas terras como a "A TERRA DO MEDIO".



Gándaras (1971)

EL TIÑA UN SAQUETE

e chan aberto:

era ceibe

coma ti.

Pro no intre do camiño tivo fame

e a Terra misturouno coa semente

daqueles que un día xermolarán

Terra e pan (1975)

Saíndo da Praça do Convento,faremos umha pequena parada na que foi botica e biblioteca de Antón Taboada Roca,verdadeiro mecenas altruísta da vila:

"Licenciado en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela (1919), realizou investigacións históricas e heráldicas. En 1926 ingresou no Seminario de Estudos Galegos onde promoveu Terra de Melide (1933). Colaborou en Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, Nós, Boletín da Real Academia Galega, Cuadernos de Estudos Galegos e Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Lugo. Foi cronista da vila de Melide, académico correspondente da Real Academia Galega e membro de asociacións de estudos xenealóxicos e heráldicos."(datos tomados de Wikipedia).

Ademais de todo isto,a sua casa foi a de todos os estudiosos do libro "Terra de Melide":



Mesmo pertinho da botica de Dom Antón Taboada Roca, passou os seus últimos anos umha figura pouco conhecida dentro da literátura galega, Dona Teresa Pereiro de Juega, que ainda nom tendo moita obra em galego, si tem umha biografia moi atractiva e curiosa.



Tamém parada obrigada e necessária diante da casa de Xosé Manuel Rodríguez Pampín, um dos cegos galegos que dende a sua fé cristiá, tratou de pôr ao dia a relijiom na língua do seu povo.

Segundo a Wikipedia: "Xosé Manuel Rodríguez Pampín, nado en Melide en 1940 e finado no mesmo concello o 5 de xuño 1997, foi un sacerdote católico, escritor, tradutor e dramaturgo galego en lingua galega.

Estudou no Seminario de Santiago de Compostela e na Universidade Pontificia Comillas e foi profesor de relixión en varios institutos de ensino medio. Reivindicou a liturxia en galego e publicou principalmente en *Encrucillada* e *Grial*, incluído nesta última varios contos e tres pezas teatrais. Formou parte do equipo que traduciu a Biblia ao galego. Finou en Melide o 5 de xuño de 1997."

Salientar tamém, de aí a nossa parada na sua morada, o tio irmám Xosé Manuel Rodríguez, tamém sacerdote, e valedor dumha obra assim mesmo em galego. Quiçais mesmo umha das pessoas que deixo pegada na obra do seu sobrinho.

Antes dentro do nosso recorrido por este Melide literário, fazer umha breve resenha dum escritor melidám atual, que tivo umha adolescência moi de povo, na casa de Cándigas, umha das casas referentes na Rua de Corunha, falamos do escritor Daniel Asorey.

A sua biografia indica que "Daniel Asorey Vidal, profesor de lingua galega e literatura, é autor de artigos e libros de texto. No eido literario, obtivo o Premio Nélida Piñón (2018), o Certame de Narracións Manuel Murguía (2002), o Terra de Melide (2001) de Narrativa Breve ou o Certame Cidade Vella (1988). A súa novela *Nordeste* acadou o Premio Narrativa Breve Repsol (2016) e foi finalista dos Premios da Crítica de Galicia (2017) e do San Clemente (2017). *As mulleres da fin do mundo* (Xerais, 2019) foi finalista do Premio Xerais de Novela. O seu libro de poemas *Transmatria* (Xerais, 2019)

recibiu o Premio Johán Carballeira.”



Continuando os nossos camiños,achegamo-nos à Praça "Rosalia de Castro",onde leremos poemas ou escritos de algum dos poetas atuais.Paramos aí por óbvias e justas razons.Umha, polo nome da praça,por estar alí o primeiro IES de Melide e tamém o primeiro dos Grupos Escolares,pero amém de todo isto, por estar hoje ali a biblioteca municipal que leva o nome de Xosé Vázquez Pintor.




No espaço da praça "Rosalia de Castro", podemos contar e ler poemas de Xosé de Cea, Fe Núñez, Ariel Sesar, Antom Laia...

Será um pouco injusto, umha vez aí, nom recordar a figura do Padre Rosendo, verdadeiro orientador de sabias leituras, da criação da revista *INTRES* e autor dumha obra poética, que se nom moi conhecida, sim importante.

¡AI, PONTE DE FURELOS!

Manseliñas e verdes augas
de Furelos, o rio, esa vea
azulada de cítolas-chopos,
so a ponte Furelos.(...)

so a ponte de Furelos:
fonte da memória,
ponte
Furelos,
Furelos,
Furelos...



Foi e é Melide, imagino tamém que moitos lugares, lugar ricaz nas artes múltiples, sem esquecer variantes como por exemplo, a musical. Seria longo dar cabida dentro deste percorrido a todos e todas e cada umha das agrupaçõs, basta com lembrar o grupo tradicional "Os Garceiras"; pais de umha ringleira de grupos hoje já moi consolidados e de prestígio dentro da Galiza e mesmo fora das nossos lindes: Froito Novo, Os Melidaos, Cuarta Xusta, Herba Grileira, Leira Buxo, Coral Polifónica...



Aqui salientamos assi mesmo ao gaiteiro Suso Ascariz, autor dum livro moi importante dentro dos estudos sobre a gaita e os grupos tradicionais na nossa bisbarra.




Remataremos o percorrido na actual igrexa de Sam Roque, por contar ali con un monólito de recoñecemento ao Xosé Vázquez Pintor, a persoa que hoxe conta con unha obra moi ampla e recoñecida dentro do mundo cultural galego.

Ao longo do trajecto, iremos lendo e facendo referéncia, a diversos poetas e escritores actuais, que están a deixar unha serie de obras de importancia na bisbarra melidá e noutros lugares:


Xosé de Cea, M^a Xesús Blanco, Ariel Quintela, Fe Núñez...e seguramente algúns e algunhas máis.

De nomear, por situar as súas obras, dentro do espazo físico da vila de Melide, dúas obras:

Oxímoro, de Xosé María Santín



E a obra,quase primeira,de Inma López Silva,que desenvolve parte da sua novela nesse lugar tam especial,como o Castelo, *Neve en Abril*.



A continuación há distintas fotos da andaina literária polo Melide das letras e das suas persoas recordadas.

Começou esta no Museu, "Terra de Melide" e continuou parando em lugares emblemáticos, ali onde deixaram pegadas moitas das gentes e obras das que falamos.

Foi e é de destacar, sem dúvida, que sendo os recordos do legado que nos outorgaram as gentes que fomos nomeando na andaina, moi importantes, cabe e é tamém de salientar, que durante as quase duas horas polos distintos lugares, houve um grande interesse das pessoas que participaram, salientando o número participativo de novos e novas criadores, que dum jeito ou outro, estiverom ali, aportando agarimo e saber.

Neste apartado concluir que afortunadamente, entre os novos criadores e criadoras, houve um salto cualitativo importante, todos e todas cumha vinculaçom estreita com Melide, e saídos das clases economicamente menos favorecidas.





